

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Expediente: *Obras de "Acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras" incluídas no POS-2014 da Excm. Deputación Provincial da Coruña*

Asunto: *Análise documentación EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. xustificación oferta económica anormal ou desproporcionada*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise da documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. como xustificación da súa oferta económica presentada no procedemento de contratación das obras de **"Acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras"**, incluídas no POS-2014 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/22/2014.

Antecedentes

Con data 24/07/2014 someteuse a consideración da mesa de contratación o informe técnico relativo a determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados.

A mesa de contratación acordou requirir a EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. a xustificación da súa oferta económica, por atoparse na situación antedita.


Con data 05/08/2014, recibíuse do Negociado de Contratación de Obras e Servizos a documentación presentada a tal efecto por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. (registro nº 37.548 de 30/07/2014).

Segundo o sinalado na cláusula 15.3.2 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes:

1. Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.
2. Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.
3. Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Descrición das obras licitadas

De acordo co proxecto construtivo que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten basicamente nos seguintes puntos:



CONCELLO DE SANTIAGO

- Reparación de panos completos en todo o ancho (segundo se define en planos e medicións) de tramos de calzada, para garantir a seguridade e comodidade do tráfico rodado.
- Obras complementarias ás principais, que poidan incrementar o nivel de seguridade e comodidade dos viarios reparados ou que poidan alongar a súa vida útil, coma puideran ser limpeza de cunetas, reposición de taxears, reposicións de tubaxes ou arquetas deterioradas polo seu uso, etc.

As obras afectan a 37 localizacións (a maior parte pistas) ao longo de 17 parroquias do medio rural do término municipal de Santiago de Compostela. A superficie total prevista a reparar é de 82.878 m² en tramos que oscilan entre os 450 m² e os 15.922 m².

A solución adoptada baséase na reparación do firme da calzada. A obra a acometer, componse da aplicación dun dobre tratamento superficial que consta dun rego de adherencia máis un rego de selado, ambos de granulometría diferente. No caso en que nalgún punto esta configuración non se adaptase ao estado real de deterioro, xa que se descoñece a data de inicio das obras, aplicarase a extensión dunha capa de macádám, cun rego semiprofundo previo á extensión do dobre tratamento superficial.

En zonas onde a vexetación invada a cuneta ou a esta atópese en mal estado, realizaranse labores de roza da vexetación nos noiros, ademais do reperfilado e saneado das gabias, apertura das gabias en terra naqueles tramos nos que existen pero están en mal estado, incluíndo tamén a limpeza manual dos canos das gabias.

Análise técnico da xustificación presentada

A documentación presentada polo licitador estruturase basicamente nos dous (2) apartados que a continuación analízanse:

1. Xustificación de prezos ofertados (apartado 3)

Este apartado subdivídese en catro (4) subapartados:

- Consideracións xerais (apartado 3.1.)

O subapartado enumera nove (9) "hechos" que o licitador tivo en conta na súa oferta, partindo da xustificación de prezos existente no proxecto, e que analízanse a continuación:

- Os rendementos da man de obra que a empresa comprometeu a empregar na execución dos traballos, pola súa especialización, son significativamente superiores aos considerados polo proxecto da obra de referencia.

Na oferta presentada non existe compromiso da man de obra a empregar e os rendementos da mesma non están xustificadas ou acreditadas na documentación presentada, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

- O maior rendemento do persoal especializado para a obra permite a redución do seu prazo de execución e unha considerable redución dos gastos xerais da obra.

Non consta na oferta nin na documentación presentada unha proposta do licitador de redución do prazo de execución o un programa de traballos. Non se aportan datos sobre cal é a redución prevista dos gastos xerais da obra. Non apartado 3.3, custo total das obras, da documentación asígnase un 13% de gastos xerais que é o mesmo que figura no resumen do orzamento do proxecto.

- Os rendementos da maquinaria da empresa, pola súa capacidade, características e a especialización e experiencia dos seus operadores, son significativamente superiores aos considerados polo proxecto da obra de referencia.

Na documentación presentada non están xustificadas ou acreditadas os rendementos da maquinaria, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

No apartado 3.2, xustificación de prezos, da documentación figura a mesma maquinaria coas mesmas características que a prevista no anexo nº 3, listado de maquinaria, do proxecto da obra de referencia. En consecuencia, a afirmación do licitador de que *"a capacidade dos camións empregados é superior a indicada no proxecto"* é inexacta.

- A existencia de outras obras adxudicadas ao licitador nas proximidades da obra licitada permite compartir maquinaria na súa execución e transporte de materiais co conseguinte abaratamento dos custos de execución.

Non se acreditan outras obras adxudicadas nas proximidades nin se os seus prazos de execución son coincidentes co prazo de execución da obra licitada.

Non se comprende o concepto de compartir a maquinaria entre obras, posto que os seus custos de operación deben aplicarse a tarefa executada e dificilmente un mesmo equipo pode realizar dos tarefas simultaneamente en dúas localizacións diferentes aínda que estean próximas.

Non se acreditan cales son os medios de transporte compartidos para o subministro de materias a obra licitada e as obras próximas, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

- A existencia de outras obras adxudicadas ao licitador nas proximidades da obra que precisan similares materias primas permite obter dos seus provedores importantes descontos por volumes adquiridos.

Se ben a priori esta proposición é certa, non se acreditan outras obras adxudicadas nas proximidades da obra licitada, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

- A sinxeleza da obra licitada permite compartir o persoal técnico con outras obras adxudicadas na zona e reducir gastos xerais.

Asumindo a validez da proposición suscitada, non se acreditan outras obras adxudicadas nas proximidades da obra licitada, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

Ademais, no apartado 3.3, custo total das obras, da documentación asígnase un 13% de gastos xerais que é o mesmo que figura no resumen do orzamento do proxecto.

- A empresa dispón dun Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, o que permite reducir os gastos do estudo de seguridade e saúde, podendo incluír os seus custos nos gastos xerais.

O estudo de seguridade e saúde é un documento a incluír nos proxectos de obras (Real Decreto 1627/1997) e así consta no anexo nº 4 incluído no proxecto construtivo das obras licitadas. En consecuencia, a súa achega non é unha obriga do contratista polo que non xera custos para o mesmo a ter en conta na súa oferta económica para a execución das obras.

- Gran parte da maquinaria prevista para a execución da obra é propia e esta case amortizada, o que permite reducir os seus custos.

Se ben a priori esta proposición pode ser certa, non se aportan datos concretos ao efecto da maquinaria prevista, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

- Dispónse de materiais (sinais, valados, etc.) para a sinalización provisional e protección da execución da obra que posibilitan reducir considerablemente o seu custo de utilización.

Se ben a priori esta proposición pode ser certa, non se aportan datos concretos ao efecto destes materiais auxiliares, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar tal afirmación.

En conclusión, as consideracións xerais para a xustificación dos prezos ofertados expostas por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. na súa documentación, son xenéricas ou cuestionables e non aporta información técnica ni cálculos que permitan verificar a súa incidencia sobre a oferta económica presentada.

- **Prezos descompostos (apartado 3.2)**

Apórtanse 117 páxinas coa presentación desglosada dos prezos descompostos presentados de forma repetida por cada un dos capítulos e subcapítulos do orzamento detallado do proxecto licitado.

Realmente o cadro de prezos do proxecto está composto de 10 unidades de obra con medición, 3 partidas alzadas xenéricas (reposición servizos afectados, xestión de residuos e seguridade e saúde) e 10 unidades de obra complementarias sen medición vinculadas á reposición de servizos afectados.

Na seguinte táboa preséntanse os datos das 10 unidades de obra principais que conforman a maior parte do orzamento previsto para as obras.

Código	Ud.	Descripción resumida	Prezo (€)	
			Proxecto	Licitador
U49376	ml	Cunetas limpeza y apertura c/ retirada	1,90	1,23
U49388	m ²	Barrido de camino / plataforma	0,23	0,15
U49390	m ²	Explanada preparación + caja c/ retirada	2,53	1,64
U49398	m ³	Macadam suministro y colocación ext./ mecánico	18,26	11,80
U49364	m ²	Riego semiprofundo	1,77	1,13
U49365	m ²	Riego superficial	1,02	0,65
U49366	m ²	Riego sellado	0,73	0,46
U49073	ml	Tubería de hormigón vibropresado D-40 cm	41,32	26,67
U49074	ml	Tubería de hormigón vibropresado D-60 cm	56,14	40,18
U43153	ml	½ caña tubo hormigón D-40 cm	24,40	23,61

Para estas unidades de obra ao comparar a xustificación de prezos do proxecto licitado coa presentada polo licitador na súa documentación, obsérvase o seguinte:

- Utilízanse os mesmos recursos (man de obra, maquinaria e materias) con idénticas características para a composición dos prezos das unidades de obra.
- Utilízanse os mesmos rendementos e consumos para os recursos que conforman as unidades de obra.
- Os custos salariais por hora laboral da man de obra son os seguintes:

Código	Man de obra	Costo (€/h)	
		Proxecto	Licitador
O004	Oficial primeira	12,69	8,19
O005	Oficial segunda	12,90	8,33
O007	Peón especializado	12,06	7,79
O008	Peón ordinario	12,00	7,75
O011	Cuadrilla B (Oficial 2ª + peón e.)	28,46	28,46

O licitador non aporta, partindo dos salarios mínimos de convenio de obrigado cumprimento polo empresario, cálculos xustificativos e acreditados dos custos salariais expostos, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar os datos presentados.

Arrastra o mesmo erro do proxecto, establecendo para o oficial 1ª un custo salarial inferior ao do oficial 2ª, sendo unha categoría laboral superior.

Establece para a cuadrilla B o mesmo custo do proxecto (28,46 €/h) e non se corresponde cos custos individuais do persoal que o compón.

- Redúcense os custos unitarios da maquinaria e equipos pero non se aportan cálculos xustificativos e acreditados dos mesmos, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar os datos presentados.
- Redúcense os custos unitarios dos materiais empregados. O análise dos mesmos realizarase na exposición do apartado 3.4 da documentación.
- Redúcense os porcentaxes de medios auxiliares das unidades de obra segundo a seguinte táboa:

Código	Descrición resumida	Medios auxiliares	
		Proxecto	Licitador
U49376	Cunetas limpeza y apertura c/ retirada	2,0%	0,011%
U49388	Barrido de camino / plataforma	3,0%	0,001%
U49390	Explanada preparación + caja c/ retirada	3,0%	0,015%
U49398	Macadam suministro y colocación ext./ mecánico	3,0%	0,108%
U49364	Riego semiprofundo	1,0%	0,011%
U49365	Riego superficial	1,0%	0,006%
U49366	Riego sellado	1,0%	0,004%
U49073	Tubería de hormigón vibroprensado D-40 cm	1,5%	0,248%
U49074	Tubería de hormigón vibroprensado D-60 cm	3,0%	0,368%
U43153	½ caña tubo hormigón D-40 cm	3,0%	0,216%

O licitador non aporta cálculos xustificativos e acreditados dos porcentaxes de medios auxiliares expostos, polo que non existen elementos de xuízo que permitan verificar ou avaliar os datos presentados.

- Mantén o mesmo porcentaxe para os custos indirectos previstos no proxecto licitado (6%).

Como conclusión debe sinalarse que o ben utilízanse os mesmos datos do proxecto licitado o ben sobre a maior parte dos datos modificados non se acreditan os mesmos ou non se aportan cálculos xustificativos que permitan avaliar a súa validez. Ademais, a descomposición das unidades de obra non se corresponde nalgúns casos ao exposto no apartado 3.1.

• Costo total das obras (apartado 3.3)

Ao longo de 42 paxinas, o licitador, utilizando os seus prezos unitarios e as medicións do proxecto licitado, realiza o cálculo dos seus custos para as obras, resultando o seguinte resúmen:

Total orzamento	230.701,66 €
13% gastos xerais	29.991,22 €
6% beneficio industrial	13.842,10 €
Suma	274.534,98 €
21% I.V.E.	57.652,35 €
<i>Total orzamento licitación</i>	<i>332.187,33 €</i>

Sobre o contido do apartado caben sinalar as seguintes consideracións:

- Os porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial presentados polo licitador son os mesmos que os previstos no proxecto licitado.
 - O licitador, contraditoriamente ao manifestado no apartado 3.1 da súa documentación, non reduce os gastos xerais.
- Xustificantes dos prezos unitarios das materias primas (apartado 3.4)

O licitador aporta ofertas de catro (4) provedores para os materias a dispor para a execución das unidades de obra principais do proxecto licitado (emulsión bituminosa, tubos prefabricados de formigón, formigón de central e áridos de granito). Os prezos ofertados son trasladados directamente polo licitador a súa xustificación dos prezos unitarios.

Revisadas as ofertas aportadas cabe sinalar o seguinte:

- Emulsión bituminosa: prezos en planta pero o licitador non especifica o incremento de custo de transportar o material desde a planta de subministro a pé de obra.
- Tubos prefabricados de formigón: a oferta non especifica o punto de entrega dos materiais (almacén o pé de obra).
- Formigón de central: se ben a oferta non especifica claramente o punto de entrega, das súas condicións xerais pode deducirse que é a pé de obra.
- Áridos de granito: material posto sobre camión en canteira pero o licitador non especifica o incremento de custo de transportar o mesmo desde a canteira a pé de obra.

Tendo en conta o establecido no PCAP (explicación dos prezos dos materiais a pé de obra) o licitador non acredita adecuadamente o requirido e a repercusión do custo de transporte para tres (3) tipos de subministros.

2. Capacidade da empresa para executar as obras (apartado 4)

Este apartado subdivídese en catro (4) subapartados:

- Xustificación da solvencia económica da empresa (apartado 4.1)

Apórtase a seguinte documentación:

- Declaración responsable do importe neto da cifra de negocio dos exercicios anuais 2011, 2012 e 2013.
- Declaracións-resumen anual do I.V.E. (modelo 390) dos exercicios anuais 2011, 2012 e 2013.

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da oferta económica presentada e, en todo caso, e suplida pola clasificación do contratista.

Tendo en conta o establecido no PCAP (relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada) o prazo de execución das obras (4 meses) e a oferta económica presentada (274.534,98 €) os porcentaxes sobre as cifras de negocio do licitador son as seguintes:

Exercicio	Cifra de negocio		Porcentaxe s/ oferta
	Anual	S/ prazo	
2011	4.923.983,07 €	1.641.327,69 €	16,73%
2012	3.778.649,81 €	1.259.549,94 €	21,80%
2013	2.909.343,97 €	969.781,32 €	28,31%

- Certificado de clasificación (apartado 4.2)

Apórtase o certificado de clasificación do licitador como contratista de obras. A clasificación presentada (G-6-f) é superior a requirida no PCAP (G-6-d).

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da oferta económica presentada.



CONCELLO DE SANTIAGO

- Relación entre o volume de obra contratado e os medios persoais e materiais que dispón a empresa (apartado 4.3)

Apórtanse de forma independente unha relación nominal de persoal da empresa (cualificación, dedicación, contrato e funcións) e unha relación de maquinaria e medios auxiliares adscritos a obra (tipo, cantidade, modelo, características técnicas e propiedade).

Dita documentación, sen aportar datos o cálculos dos seus custos unitarios, dende un punto de vista técnico non ten relevancia algunha para a xustificación da oferta económica presentada.

A relación de persoal, con respecto á tipoloxía das obras licitadas (pavimentos de viario) non acredita dispor de persoal especializado para as mesmas.

Na relación de maquinaria acredita dispor de maquinaria especializada para as obras licitadas.

- Relación das obras executadas pola empresa nos últimos cinco (5) anos (apartado 4.4)

Apórtase unha relación de obras executadas nos últimos cinco (5) anos (denominación, orzamento e ano de execución) clasificada por promotor. Na mesma se inclúen diversas obras de similares características á licitada.

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da oferta económica presentada.

Tendo en conta o establecido no PCAP (volume de obra xa contratado en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador), o licitador non acredita a súa actual carteira de contratos cuxa execución simultánea coas obras licitadas interfere sobre a capacidade dos seus medios de produción, polo que non pode verificarse ou avaliarse o determinado no PCAP.

Conclusións

Tendo en conta o PCAP e o proxecto construtivo do expediente de contratación e a documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. para a xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, ademais do xa sinalado no presente informe conclúese a modo de resumen o seguinte:

- A explicación dos prezos dos materiais a pé de obra non está suficientemente acreditada tendo en conta as ofertas de provedores aportadas.
- Na xustificación dos prezos ofertados non se aportan suficientemente datos acreditados o cálculos xustificativos que permitan avaliar a súa validez.
- Non se acredita o volume de obra xa contratado (carteira), en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador e a súa posible interferencia sobre a capacidade dos medios de produción do licitador para a execución das obras licitadas.
- Respecto a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, na información aportada polo licitador non se establece de forma precisa a mesma.

Polo tanto, a vista do exposto, a documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. non xustifica e acredita adecuadamente a súa oferta



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

económica polo que non é posible determinar que non incorre na consideración de anormal ou desproporcionada e sométese a consideración da mesa de contratación a súa avaliación.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2014

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo: Miguel Fernández Solís



